

Lectura do Informe PISA 2009 Coordinadora Galega de ENDL

O Informe PISA (Informe do Programa Internacional para a Avaliación de Estudantes) é un estudo comparativo, internacional e periódico do rendemento educativo do alumnado de 15 anos, a partir da avaliación de tres competencias chave: a comprensión lectora, a competencia matemática e a competencia científica; estas competencias son avaliadas cada tres anos, desde a primeira convocatoria que tivo lugar no ano 2000.

O total de países participantes foi de 32 en 2000, 41 en 2003, 57 en 2006 e 65 en 2009; deles, os 33 países membros da OCDE (Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico) máis 32 países asociados. A mostra española de PISA en papel estivo formada por 910 centros e afectaba a uns 27.000 alumnos. En Galicia 1.585 estudantes de 54 centros. Ademais, seleccionouse unha sub-mostra deses alumnos para que fixeran a proba de lectura electrónica, ERA (Electronic Reading Assessment); esta sub-mostra formárona 2.300 alumnos procedentes de 170 centros. En España foron avaliados en total uns 25.000 alumnos en 2009. Isto permítenos concluír que os resultados son bastante fiábeis por se tratar dunha mostra o suficientemente representativa.

PISA 2009 abarca as áreas de lectura, matemáticas e ciencias, atendendo non só a se os alumnos poden reproducir coñecementos dunha determinada materia, senón tamén a se son capaces de facer unha extrapolación do que aprenderon e aplicar os seus coñecementos a situacións novas. Préstase especial atención ao dominio de procesos, á comprensión de conceptos e á capacidade para desenvolverse en diferentes situacións dentro de cada área. Combínanse preguntas de elección múltiple e preguntas abertas, en torno a unha información textual e gráfica que describe unha situación da vida real.

En total, as preguntas da proba cobren aproximadamente 390 minutos, pero cada alumno só ten que responder a unha determinada combinación das mesmas. Os alumnos responden a un cuestionario de contexto, de 30 minutos de duración, no que facilitan información sobre si mesmos e o seu contorno familiar. Os directores dos centros docentes cobren un cuestionario de 20 minutos.

AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS

PISA trata de valorar ata que punto os alumnos son capaces de usar os coñecementos e destrezas que aprenderon e practicaron na escola cando se ven ante situacións nas que eses coñecementos poden resultar relevantes. As competencias que valora PISA céntranse en tres dominios principais: lectura, matemáticas e ciencias. Considérase que as competencias foron adquiridas nun nivel aceptábel cando os alumnos están en condicións

de continuar aprendendo ao longo da súa vida, de aplicar o que aprenden na escola e fóra dela, de avaliar as súas opcións e tomar decisións.


Resultados en comprensión lectora

Galicia encóntrase por riba da media española, igual que o resto das comunidades bilingües a excepción de Baleares. Os resultados da maioría dos países da OCDE e o resto dos europeos participantes encóntrase nun rango cuxa diferenza non excede, en xeral, das puntuacións extremas dun nivel de rendemento. Os valores medios da maioría dos países da OCDE e da UE encóntranse nese intervalo que corresponde ao nivel de rendemento 3 en lectura, que vai de 480 a 552 puntos. España obtén unha puntuación media de 481 puntos. O intervalo de confianza español vai de 477 a 485 puntos, extremos entre os que se encontra con seguridade o resultado real español. Galicia obtén uns niveis superiores á media española, 489, igual que o resto das comunidades bilingües, a excepción de Baleares. Isto supón que o ensino en dúas linguas non ocasiona ningún atranco á hora de avaliar a comprensión lectora do alumnado do noso sistema educativo.

E ademais non hai diferenzas significativas entre a puntuación galega e a dos países e comunidades cuxos intervalos de confianza coinciden, como acontecen nos valores medios que se encontran entre 480 e 490 puntos. Así pois, non hai diferenzas significativas entre os Países Baixos, con 508 puntos, e o Reino Unido, con 494, e as comunidades encadradas entre eles, entre as que se atopa Galicia.


Analizamos graficamente os resultados promedio dos países e as comunidades autónomas españolas que participaron en PISA 2009 nas tres competencias básicas avaliadas:

Resultados en comprensión lectora das diferentes comunidades autónomas




Na gráfica seguinte compárase os resultados de Galicia cos doutros países europeos:

Resultados en comprensión lectora de diferentes países europeos



E nesta vense os resultados comparativos entre os valores medios da OCDE, a media española e a media galega:



Resultados na competencia matemática

Na competencia matemática Shanghai-China, cunha puntuación promedio máis elevada (600 puntos), sitúase 38 puntos por riba dos resultados de Singapur (562) e 45 dos de Hong Kong-China (555). Como nas outras competencias, estes resultados promedio destas cidades asiáticas son francamente superiores aos do resto dos participantes.

Non hai diferenzas significativas entre Corea (546) e Finlandia (541), ou entre Xapón (529), Canadá (527) e Países Baixos (526). Tampouco hai diferenzas significativas entre os resultados de Alemaña (513) e os das comunidades autónomas españolas de Castela e León, Navarra, Euskadi, Aragón e A Rioxa, cuxos promedios oscilan entre 513 e 504 puntos. A mesma situación prodúcese entre os resultados de Francia (497), Austria, Suecia, Reino Unido, Estados Unidos e Portugal (487); entre estes países e as comunidades autónomas de Madrid, Cataluña, Cantabria e Galicia tampouco hai grandes diferenzas.


O promedio de España en matemáticas (483) non ten diferenzas estatisticamente significativas cos de Reino Unido (492), Estados Unidos, Portugal e Italia (483) e as comunidades autónomas de Cataluña, Cantabria, Asturias, Galicia e Murcia.

Galicia volve superar a media española, o que vén demostrar que o período do goberno bipartito, en que se ensinaban as Matemáticas en lingua galega, non foi en detrimento dun suficiente coñecemento matemático do alumnado.


Ademais, o 7% do alumnado galego sitúase nos niveis altos de rendemento, só un punto por baixo da media española.

Podemos ver aquí graficamente os resultados comparando as comunidades autónomas españolas:


Resultados en competencia matemática das diferentes comunidades autónomas



Resultados en competencia matemática de Galicia comparado con diferentes países europeos



E na seguinte gráfica pode verse a comparación entre a media OCDE, Galicia e España:



Os resultados na competencia científica


Na competencia científica volven destacar os resultados obtidos por Shanghái-China (575 puntos), que presenta diferenzas estatisticamente significativas (21 puntos por riba), co país que a segue, Finlandia (554 puntos).

Non hai diferenzas estatisticamente significativas entre Xapón e Corea; tampouco as hai entre os resultados de Canadá (525), Países Baixos e Alemaña, por un lado, e as comunidades autónomas de Castela e León, A Rioxa, Navarra, Madrid e Galicia, por outro.


Na competencia científica, materias tamén impartidas en lingua galega xa moito antes do período do goberno bipartito, Galicia sitúase moi por riba da media española, e por riba da media e o total dos países OCDE, e tamén doutras comunidades bilingües como Euskadi ou Catalunya, e de países como Estados Unidos, Francia, Suecia, Portugal ou Italia.

Podemos analízalo graficamente nas seguintes comparacións:


Resultados en competencia científica das diferentes comunidades autónomas



Resultados en competencia científica de Galicia comparado con diferentes países europeos



E na seguinte gráfica pode verse a comparación entre a media OCDE, Galicia e España:



A modo de conclusións

Galicia está á par da OCDE, e mesmo por riba en competencia científica, e por riba da media española nas tres competencias estudadas. Os resultados en Galicia entre 2006 e 2009 non mudaron moito: na comprensión lectora rexístrase un incremento de 7 puntos; en matemáticas houbo un descenso de 5 puntos; e en ciencias houbo un ascenso de 1 punto.

Isto significa que a introdución da lingua galega como lingua vehicular no ensino en diferentes materias impulsada polo Decreto 124/2007 non empeceu a adquisición de competencia lectora nin científica do alumnado. Os resultados dos estudantes galegos son superiores á media española nas tres áreas de coñecemento: no referente ás áreas de lectura e matemática, cun lixeiro ascenso, e en ciencias, de xeito máis acusado.

Materias que fornecen a adquisición de competencia científica son Coñecemento do Medio de Educación Primaria ou Bioloxía e Xeoloxía en Educación Secundaria, materias que levan impartíndose en galego desde hai xa moitos anos. O bilingüismo favorece tamén o dominio e a comprensión lectora en castelán porque, de feito, practicamente todas as comunidades autónomas cun ensino bilingüe teñen unha media na comprensión lectora en español superior á media estatal.

O aumento da presenza do galego como lingua vehicular do ensino axudou a mellorar a comprensión lectora en español e non repercutiu negativamente sobre os resultados en matemáticas, materia que daquela era impartida en galego. Estes resultados do Informe Pisa, o estudo de referencia mundial para medir a calidade dos sistemas educativos, demostran que o fomento do galego non vai en detrimento da competencia en español nin do desenvolvemento científico do alumnado.